

Boqueixón, contra a violencia de xénero

O Centro de Información á Muller (CIM) de Boqueixón organizou, un ano máis, unha programación especial pola conmemoración do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Ofrecéronse dúas propostas, que contaron co apoio da Secretaría Xeral de Igualdade da Vicepresidencia da Xunta de Galicia e do Ministerio de la Presidencia, Relaciones con las Cortes e Igualdad.

A primeira delas foi a II Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, que se desenvolveu na Casa da Cultura de Camporrapado. Dada a limitación de aforo polas medidas sanitarias fronte á COVID-19, a sesión retransmitiuse en directo a través da canle de YouTube do Concello.

A xornada contou con testemuños, audiovisuais, música, literatura e arte. O testemuño de Joshua Mateo, fillo maior de Sesé Mateo, asasinada en Chapelá (Redondela) pola súa ex-parella en febreiro de 2017, achegou ao público a súa experiencia, dentro da sección *A realidade da violencia de xénero*.

Tamén se proxectaron dous audiovisuais: *O meu testemuño, a miña loita e Vacínate contra a desigualdade*. O primeiro recolle as opinións das mulleres que participaron na xornada do ano pasado: Saladina Carrillo, Noelia Míguez e Emily Rodríguez Santos. No segundo caso, trátase dun documental duns 20 minutos no que



Foto de familia de participantes na II Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller



Presentación do libro infantil 'Alén loita e acariña', do CIM de Boqueixón



Testemuño de Joshua Mateo

de xeito conxunto participaron os Concellos de Boqueixón, Touro e Vedra. Nel, crianzas e maiores reflexionan sobre os estereotipos e roles de xénero, que son a base de toda desigualdade.

A II Xornada de Sensibilización en Violencia contra A Muller tamén ofreceu a exposición *Corpo Ceibe*, de Sara Naveiro Mirás, artista de Touro. A sesión incluíu a música da man do grupo

As Efémeras (a cuarteto) e unha charla da Asociación Berenguela pola Igualdade de Vedra.

Libro infantil

A segunda das actividades desenvolveuse o 25 de novembro, coa presentación do libro infantil *Alén loita e acariña*. A publicación, impulsada polo CIM de Boqueixón, conta cos textos de Yolanda Neira, psicóloga do CIM, e as ilustracións de Blanca Millán, ilustradora local.

O acto estivo presidido polo alcalde, Manuel Fernández Munín, e pola directora do CIM, Cristina Carbajales. Na súa intervención, o rexedor salientou a importancia desta iniciativa, que é reflexo do compromiso do Concello a prol dunha sociedade igualitaria. Pola súa banda, Carbajales puxo de manifesto o novidoso desta publicación, "única deste tipo na contorna".

O Concello adxudica obras en distintos camiños e pistas por preto de 50.000 €

O Concello de Boqueixón adxudicou en novembro os proxectos incluídos no Programa de Desenvolvemento Rural (PDR), promovido polo AGADER. Levaranse a cabo catro proxectos por un investimento de preto de 50.000 euros.

Así, aplicarase un tratamento asfáltico a un camiño de máis de 230 metros de lonxitude en Maravexás. Ao abeiro do PDR, tamén se acometerá o acondicionamento de dous cruces: o da estrada de Vigo a Melón e o da Rúa Manuel Rodeiro ao paso inferior. Finalmente, adxudicouse o acondicionamento da pista de Lestedo ao paso superior, cunha lonxitude de máis de medio quilómetro.

Licitados os proxectos do Plan POS+2020 por 186.000 euros

O Concello de Boqueixón ten licitou os proxectos incluídos dentro do Plan Único POS+2020 da Deputación Provincial da Coruña. O investimento previsto para todas as actuacións ascende a máis de 186.000 euros. Na actualidade, a mesa de contratación procede á revisión de todas as propostas presentadas para a posterior adxudicación das obras.

Entre as actuacións, construírse unha senda peonil de Lamas a Rodiño. “Trátase dun proxecto moi demandado pola veciñanza e que permitirá incrementar a seguridade dun viario-vía moi transitado”, explica o alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín. Esta senda peonil dará continuidade a xa habilitada durante este ano no núcleo poboacional de Lamas. O



Crearase unha senda peonil que unirá os núcleos de Lamas e Rodiño

proxecto incluído no Plan POS+2020 prevé un investimento que supera os 110.000 euros.

O segundo dos proxectos do Plan Único da Deputación da Coruña prevé a mellora do camiño de Lamas á Igrexa. Neste caso, o orzamento rolda os 76.000 €.

Finalmente, levaranse a cabo tarefas de pavimentación dunha vía cunha lonxitude de 100 metros e unha anchura de 3,5 metros na Pena. Neste lugar tamén se mellorará a drenaxe coa apertura e limpeza de gabias e adaptaranse pozos e arquetas á nova rasante.



O polígono de Sergude xa ten beirarrúas

O Concello de Boqueixón finalizou a renovación das beirarrúas interiores no polígono de Sergude. Esta actuación supuxo un investimento de 86.699,27 €, cofinanciados nun 80% pola Vicepresidencia Segunda da Xunta.



Nova desbrozadora para limpar viarios

O Concello de Boqueixón adquiriu unha desbrozadora que permitirá a optimización dos labores de limpeza e desbroce dos viarios municipais. Reforzarase, tamén, a prevención contra incendios no municipio.

Boqueixón nomeará a Pedro Pérez Fillo Adoptivo do Concello

A Corporación municipal aprobou por unanimidade, na sesión extraordinaria do pleno celebrada o mércores 25 de novembro, iniciar o expediente para o nomeamento, a título póstumo, de Pedro Pérez como Fillo Adoptivo do Concello de Boqueixón. Unha iniciativa que vén dar resposta a unha proposta realizada no padroado da Fundación que leva o seu nome.

O alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munín, salientou a posta en marcha esta iniciativa, xa que “foi unha persoa que fixo un grande servizo á nosa veciñanza e que deixou un legado moi importante, a través do cal se outorgan unhas becas para estudantes das carreiras universitarias de Medicina e Veterinaria”.

Extremeño de nacemento, Pedro Pérez exerceu durante tres décadas como veterinario de Boqueixón, esta-

blecendo a súa residencia na parroquia de Ponte Ledesma durante este período. A súa vinculación co municipio foi tal que no ano 2002 creou unha Fundación que leva o seu nome. O principal obxectivo da mesma era e é contribuir á formación da veciñanza.

Para iso, Pedro Pérez donou un total de 200.000 euros para a creación dun fondo de bolsas de apoio para a mocidade que curse estudos universitarios, preferentemente nas disciplinas de Medicina e Veterinaria. Grazas a esta aportación, a Fundación outorga ano tras ano dúas axudas para a mocidade do municipio que estude algunha destas dúas carreiras. Precisamente pola implicación coa veciñanza boqueixonesa e polo seu vínculo co municipio, o Pleno aprobou iniciar o expediente para nomear a Pedro Pérez Fillo Adoptivo.



Conmemoración do Día da Infancia no CPIP Orza Couto

Un ano máis, Boqueixón participou na conmemoración do Día Internacional da Infancia. Unha iniciativa que se desenvolveu virtude do convenio de colaboración do Concello con Unicef e que ten como obxectivo poñer de manifesto a necesidade de defender os dereitos das nenas e nenos. O lema deste 2020 foi *Desmuteda á Infancia!*

Debido á crise sanitaria

pola COVID-19, non se pode desenvolver o xa tradicional Pleno Infantil. Porén, dende o Departamento de Servizos Sociais decidiron desenvolver unhas iniciativas alternativas. Así, o alumnado de 6º de Primaria do CPIP Antonio Orza Couto traballa na elaboración dunha manualidade en forma de mural e dun vídeo explicativo sobre os dereitos da infancia.

Cursos de monitorado e dirección de actividades de tempo libre

Os Concellos de Boqueixón e Vedra veñen de abrir o prazo de preinscrición para os seus cursos de monitor/a e director/a de actividades de tempo libre. As prazas son limitadas e o prazo de solicitudes remata o 14 de decembro. Terán preferencia aquelas persoas empadroadas nalgún dos municipios.

Ambas as dúas iniciativas desenvolveranse de

xeito dual entre decembro de 2020 e maio de 2021. Será necesario dispoñer de dispositivo con conexión a internet, cámara e micrófono para a asistencia ás videochamadas grupais. O prezo de calquera dos cursos é de 150 € (taxas de expedición de título non incluídas) e o pagamento realizarase unha vez feita a inscrición. Máis información, na web municipal.

Boqueixón e Vedra piden un centro de día conxunto

O Pleno aprobou unha moción consensuada entre os dous grupos con representación (PP e Veciñ@s de Boqueixón) para impulsar a creación dun centro de día conxunto con Vedra. Segundo se explica no propio documento, esta iniciativa vén dada pola “necesidade de dar resposta á situación de emerxencia familiar, con enfermos con grao de dependencia avanzados”.

Na moción contéplase a iniciación do “proceso, incluído o estudo de viabilidade económica, social e xurídica, para dotar aos Concellos de Boqueixón e Vedra dun centro de día compartido”. O prazo establecido para completalo fíxase en “3 anos, podendo pactarse nos respectivos plenos municipais a ampliación deste prazo 1 ano máis se as circunstancias así o requiren”.

Nadal Activo conciliación curso 2020-2021

Nadal Activo é un programa lúdico-educativo que facilita a conciliación laboral e familiar durante as vacacións de Nadal. O desenvolvemento das actividades terá lugar nas instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas hixiénico-sanitarias de prevención contra a COVID-19.

Datas: 23, 28, 29, 30 de decembro e 4, 5 e 7 de xaneiro

Horario: entrada é de 09:00 a 10:00, saída de 13:30 a 14:00 h.

Dirixido a: alumnado de infantil e primaria do Concello de Boqueixón e alumnado matriculado/a nun centro educativo de Boqueixón.

Inscripcións: as inscricións realizaranse dende o 3 ata o 12 de decembro, enviando a ficha de solicitude e demais documentación por unha das seguintes vías: Telemática, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (pre-

ferente), ou presencial, no rexistro municipal.

Posibilidade de inscrición por días soltos.

Requírese un grupo mínimo de participantes para o inicio das actividades. Ofértanse un máximo de 20 prazas para este programa.

Documentación a achegar xunto á ficha de inscrición:

1. Declaración da renda do 2019 ou xustificante de non ter que presentala.

2. Documento acreditativo de familia numerosa (de ser o caso).

Custo: 25 euros programa completo, 5 € días soltos.

O Concello poderá modificar ou suspender a prestación do servizo en función das circunstancias que acontezan derivadas da crise sanitaria motivada pola COVID-19.

Máis información sobre estes programas no teléfono 981 513 115 ou no e-mail cim@boqueixon.com.

Bonificacións

Casos de emerxencia social, unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais ao IPREM (537,84€) ou outra situación valorada tecnicamente polo Dpto. de Servizos Sociais.	100%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 1,5 veces o IPREM (806,76€).	60%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 2,5 veces o IPREM (1.344,6€).	30%
Unidades familiares con ingresos mensuais inferiores ou iguais a 4 veces o IPREM (2.151,36€).	15%
Condición de familia numerosa xeral.	30%
Condición de familia numerosa especial.	40 €

Venres de lecer

Actividade gratuíta que combina a destreza manual e a expresión plástica para fomentar a imaxinación e a creatividade dos/das participantes con temática de Nadal.

Lugar: instalacións municipais do Forte e no CPIP Antonio Orza Couto, coa adopción das medidas contra a COVID-19.

Datas: 4, 11 e 18 de decembro - Horario: 15:30 a 18:00h.

Venres 4: nenos/as de Infantil de Boqueixón e alumnado matriculado nun centro educativo do municipio.

Venres 11: nenos/as de 1º e 2º de Educación Primaria.

Venres 18: nenos/as de 3º e 4º de Educación Primaria.

Inscripcións: ata dous días antes do comezo da actividade no mail cultura@boqueixon.com ou no teléfono 981 513 115.

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Domingo
13

Espectáculo *Un verso, un cantar*

Casa Cultura Camporrapado
19.00 horas

De balde - Aforo limitado
Espectáculo de música e teatro de Queiman e Pousa ambientado a principios do século XX, creado como homenaxe á emigración galega. Reserva de entradas ata o 11 de decembro no formulario na web e Facebook municipal ou no Departamento de Cultura.

Mércores
16

Presentación FP Dual

Casa Cultura Camporrapado
18.00 horas

Luns
21

Conexión con Papá Noel

Escolas infantís
Encontro por videochamada con escolares.

Domingo
27

Espectáculo infantil *Contos do Recreo, de RedRum Teatro*

De balde - Aforo limitado
Charla informativa.

Reserva de praza no formulario de inscrición na web municipal, a través do Facebook do Concello de Boqueixón ou no Departamento de Educación e Cultura.

Martes
5

Casa Cultura Camporrapado
12.00 horas

De balde - Aforo limitado
Reserva de entradas a través da web e Facebook municipal ou no Dpto. de Cultura.

... e en xaneiro

Martes
5

Recepción Reis Magos

Casa Cultura Camporrapado
De balde - Aforo limitado
Cómpre reservar cita ata o día 4 na web, no Facebook municipal ou no Dpto. de Cultura. Sorteio de agasallos entre asistentes, en colaboración con SBC Gasolinerías.

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dpto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com